

1. A CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA (abdicións, ocupación napoleónica).

A comezos do século XIX, a monarquía de Carlos IV encontrábase moi desprestixiada. As razóns residían basicamente nunha crise do sistema de goberno, do que as figuras máis destacadas eran entón o rei, a raíña (M^a Luísa de Parma) e, sobre todo, o favorito, Manuel Godoy, quen desde 1802 acumulara gran poder. A forte oposición xerou un desexo de rexeneración, que se reflectiu en dúas correntes políticas contrarias: a **conservadora** e a **liberal**.

A Igrexa enemizouse con Godoy a raíz da desamortización que este promulgou en 1798 para facerlle fronte á crise financeira ocasionada polas guerras con Francia e o Reino Unido. Unha desamortización é un proceso polo cal as terras da Igrexa e da nobreza pasaban ao mercado libre para a súa venda. Así, os bens de obras pías foron vendidos en poxa pública en 1808. Mais foi en van e a débeda da facenda aínda se agravou máis debido ás guerras.

Tamén era mal vista a subordinación da política exterior española ás necesidades da Francia de Napoleón, pois España pasou a ser aliada dos franceses na etapa do Directorio da Revolución Francesa. Esta subordinación a Napoleón trouxo, entre outras consecuencias, a derrota na batalla de Trafalgar (1805), na que foi destruída gran parte da flota española. Con Napoleón asinaría Godoy o Tratado de Fointanebleau, en 1807, que permitía o paso das tropas francesas por España para conquistar Portugal e dividilo en tres provincias, unha das cales sería para o propio Godoy.

A oposición cristalizou nun *partido antigodoyista*, tamén chamado aristocrático ou fernandino, integrado por nobres e clérigos favorables ao príncipe Fernando, fillo de Carlos IV. Este partido preparou unha conspiración contra o rei, mais foi descuberta e o príncipe encarcerado. Porén, o rei viuse obrigado a soltalo, tras pedir Fernando perdón, debido á presión popular (Proceso do Escorial, 1807).

Entre o 17 e o 19 de marzo do ano seguinte tivo lugar o motín de Aranjuez, presumiblemente orquestrado pola nobreza, que provocou a destitución de Godoy e a abdicación de Carlos IV en Fernando. A caída de Godoy e Carlos IV agravou a crise da monarquía. As tropas napoleónicas, xa en España en virtude do Tratado de Fointanebleau, eran mal vistas polos españois, pois temían que fose unha excusa para ocupar a Península.

Napoleón convocou a familia real española en Bayonne (Baiona), a onde Godoy, Carlos IV e Fernando VII chegaron a fins de abril de 1808. o resto da familia real debería saír de Madrid o 2 de maio. Ese mesmo día o pobo de Madrid alzouse contra as tropas francesas que, por orde do xeneral Murat, reprimiron duramente o levantamento popular, deixando centos de mortos.

Mentres, en Bayonne, Carlos IV e Fernando VII asinan as “abdicións de Bayonne”, nas que renuncian ao trono en favor de Napoleón, quen llo entrega ao seu irmán, Xosé Bonaparte, que pasará así a ser Xosé I de España.

A insurrección madrileña estendeuse a moitas localidades españolas conforme se ía sabendo o que ocorrera en Madrid. Publicáronse bandos contra o invasor e formáronse xuntas para organizar o goberno e a defensa, nacente sobre todo nas cidades (A Coruña, Sevilla, Valencia, Zaragoza,...). As palabras *nación*, *patria*, *rei* e *relixión* serán frecuentes nos bandos e proclamas das xuntas, das que formaron parte, ademais do pobo (a maior parte dos compoñentes das xuntas), unha parte notable de cargos do Antigo Réxime, que en moitos casos dirixiron e organizaron a defensa fronte ao exército invasor.

O levantamento, popular e espontáneo, sorprendeu o exército francés, que non puido ocupar cidades como Girona, Zaragoza e Valencia, e os seus sitios (en xuño do 1808) foron exemplo de heroísmo e resistencia fronte ao invasor.

Os franceses intentaron instaurar pola forza en España un sistema baseado nos principios do liberalismo político, aínda que cun carácter autoritario e respectando certos aspectos das tradicións do país, sistema que se plasmou no Estatuto de Bayonne, un texto elaborado por ilustrados españois baixo as directrices de Napoleón, unha sorte de carta outorgada, pois elabórase desde o poder para limitarse a si mesmo. Ademais de remarcar o catolicismo do Estado, establecía a concentración de poderes no rei, aínda que había tres órganos consultivos (Senado, Consello de Estado e Cortes). Tamén se incluía, por primeira vez en España, unha limitada declaración de dereitos e algunhas reformas de carácter liberal, como a liberdade de imprenta, liberdade de comercio e *habeas corpus* (dereito dun detido a comparecer inmediatamente ante un tribunal para que este determine a legalidade do seu arresto). Xosé I, un home intelixente e preparado, consciente da súa pouca popularidade e limitado poder (pois estaba subordinado na práctica a Napoleón) tiña o obxectivo de poñer en marcha estas reformas. Intentou gobernar co apoio de ilustrados españois, que serán acusados de *infidentes* (un termo semellante a traidores) e chamados afrancesados, que intentaban

Historia de España . 2º Bacharelato. Século XIX

modernizar o país. Porén, todas as súas iniciativas estaban sometidas ás necesidades de Napoleón e o rei carecía de autonomía no goberno.

A ocupación de España non foi tan rápida como Napoleón esperaba. A vitoria española na batalla de Bailén (xullo de 1808) obrigou a Xosé I a abandonar Madrid e as tropas afrancesadas retiráronse ao norte peninsular. Napoleón decidiu entón dirixir el mesmo a guerra e, ao mando dun exército de 150.000 homes entrou en Madrid en decembro dese mesmo ano, regresando Xosé I con el. Durante a estancia de Napoleón en España (novembro de 1808 a xaneiro de 1809), realizou diversas reformas, como suprimir a Inquisición, o réxime señorial e os conventos. A superioridade militar tanto en homes como en armas por parte dos franceses obrigou aos españois a realizar a guerra de guerrillas.

Mentres, un exército inglés ao mando do duque de Wellington (co que colaboraron os sublevados españois) desembarcou na Península para axudar aos portugueses en agosto de 1808. Porén, Napoleón foi acumulando vitorias e ocupou a maior parte de España. No período 1810-1812, as tropas napoleónicas tiñan controlado case todo o territorio. Entre as zonas liberadas estaban as cidades de Alacant e Cádiz. En 1812, os problemas da campaña de Rusia que dirixiu Napoleón obrigaron a este a retirar tropas de España para destinalas noutros puntos de Europa, o cal foi ben aproveitado polas tropas angloespañolas de Wellington, baixo o mando do cal se gañaron varias batallas, motivo polo que foi nomeado comandante en xefe dos exércitos españois. O avance do duque de Wellington e das súas tropas obrigou a Xosé I e aos franceses a abandonar Madrid rumbo a Valencia. Dende entón, a vitoria quedou do lado angloespañol e as sucesivas derrotas francesas de Vitoria e San Marcial (1813) obrigaron aos franceses a regresar a Francia. Napoleón viuse entón obrigado a pechar unha das fronteiras de guerra que mantiña abertas e asinou con Fernando VII o Tratado de Valençay, que daba fin á guerra de Independencia ou “do Francés” e repoñía a Fernando VII no trono.

Durante a guerra, España dividiuse politicamente en dous bandos ben diferenciados: os **afrancesados**, vían no colaboracionismo con Napoleón ben unha forma de implementar as reformas necesarias para mellorar España, ben un xeito de manter o status social ou ascender; e os **patriotas**, que, á súa vez, se dividían entre liberais e absolutistas. Estes dous bandos enfrontados dentro dos patriotas viuse reflectido nos debates das Cortes reunidas en Cádiz desde decembro de 1810.

En **Galicia**, pouco despois do levantamento do 2 de maio contra os franceses en Madrid, sucedéronse diferentes manifestacións de rexeitamento nas principais vilas e cidades, ao tempo que se constituía a Xunta Superior do Reino de Galicia na Coruña. Porén, as tropas entraron en Galicia (3 de xaneiro de 1809) sen apenas resistencia e fixéronse co control do territorio tras a batalla de Elviña, uns días máis tarde, na que o exército francés, ao mando do xeneral Soult derrotou as tropas británicas mandadas polo xeneral Moore, que tras a batalla abandonaron Galicia.

Logo da ocupación, xente de diversa procedencia, dirixida por curas e fidalgos, organizouse en partidas guerrilleiras espalladas por toda Galicia, comezando unha guerra na que a “reconquista” de Vigo (28/03/1809) e a batalla de Ponte Sampaio (7-9/06/1809) foron feitos decisivos para a expulsión dos franceses do territorio galego, que se produciu o 30/06/1809. a partir desde momento, a Xunta Superior do Reino de Galicia pasou a depender, en calidade de xunta auxiliar, da Junta Suprema de Sevilla, ao mesmo tempo que seguiu abastecendo con alimentos, diñeiro e homes o resto do territorio español que continuaba loitando.

Mentres tiña lugar a loita contra os franceses, na sociedade galega, sobre todo entre os sectores máis acomodados, produciuse outra loita interna: a que enfrontaban o clero e a nobreza (que pretendían manter o mesmo réxime que había antes da chegada dos franceses) coa burguesía (que defendía a instauración dun novo réxime político aproveitando a situación provocada pola ocupación francesa). Deste xeito, apareceron, ademais dun efémero grupo de afrancesados, os primeiros grupos políticos: o dos absolutistas ou servís (fidalguía e clero), apoiados polo arcebispo de Santiago; e os dos liberais (burguesía), onde figuraban especialmente os burgueses da Coruña, mais tamén outras vilas, e algúns catedráticos da Universidade de Santiago de Compostela. Cada un destes bandos enfrontados difundirán os seus programas políticos nas publicacións periódicas que xorden nestes momentos.